



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Pedro Merino Gómez
D. Javier de Vicente Remesal
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Julio Taboada Pérez
D^a Margarita Estévez Toranzo
D. J. Angel Álvarez Moreira
D^a Ana M^a Ameal Guerra
D. Pedro Antonio Araujo Nespereira
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
D. José Cidrás Pidre
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xosé Henrique Costas González
D. Guillermo De Oca Cancela
D. Luis Espada Recarey
D. Manuel Fernández Areal
D. José Ramón Fernández Bernárdez
D. Manuel Fernández Cruz
D. Alberto Gago Rodríguez
D. José Manuel García Vázquez
D. José M^a Gil Villanueva
D. Alejandro V. Gómez Soler
D. Carlos F. González Salgueiro
D. Francesco Saverio Gugliotta Bastos
D. Juan Janeiro Vilaboa
D. Víctor M. Martínez Cacharrón
D. Andrés Mazaira Castro
D. Pedro Membiela Iglesia
D. Carlos Mollinedo Lois
D^a M^a Amparo Otero Pérez
D. Alejandro Padín Mariño
D. Luis Pérez Gómez
D. Mariano P-Mtnez P-Amor
D. José Pose Blanco
D. Manuel J. Reigosa Roger
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Luis Rodríguez Ennes
D. Carlos Román Lago
D. Antonio Rotea Villanueva
D^a Elena Sánchez Trigo
D. Eduardo Soto García
D. Juan Carlos Surís Regueiro
D. Federico Vilas Martín
D. Jose Veiro García (CC.OO.)

DESCULPA A SÚA ASISTENCIA

D^a Ascensión Núñez del Barrio

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, do vintecatro de setembro de mil novecentos noventa e oito, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O mércores, **día 24 de setembro de 1998**, ás 10.00 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de tratarlos seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, de Actas de sesións anteriores (19.06.98 e 28.07.98).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Autorizar, se procede, ó Rector para a cesión de terreos da ampliación do Campus de Ourense ó Concello de Ourense para a "construcción de pistas polideportivas" e ó Instituto Galego de Vivenda e Solo para a "construcción dun auditorio e aloxamentos para a comunicade universitaria".
- 4º.- Modificación da partida orzamentaria relacionada coa convocatoria de axudas para a participación no equipo de baloncesto.
- 5º.- Elección das Comisións Delegadas da Xunta de Goberno.
- 6º.- Elección da Comisión de Doutoramento.
- 7º.- Acceso ó segundo ciclo de Filoloxía Galega.
- 8º.- Aprobación, se procede, dos seguintes cursos e másters: "Curso Superior de Loxística", "Curso Superior de Dereito da Empresa", "Máster en Coidados da Saúde en Servizos Especiais", "Máster en Valoración do Dano Corporal e Discapacidades".
- 9º.- Rogos e preguntas.

Preside a sesión o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo e actúa coma Secretaria, a Xeral da Universidade, D^a Margarita Estévez Toranzo.

No **punto 1**, apróbanse as actas das sesións do 19.06.98 e do 28.07.98, incluíndo na da primeira sesión as alegacións que foron presentadas.

No **punto 2**, O Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo, informa sobre:

a) o estado das obras dos edificios de Ciencias Sociais e Fisioterapia;

b) a reunión da CRUE, na que se trataron, entre outros, os temas seguintes:

-O Prof. Bricall, informará proximamente sobre o método de traballo para facer un diagnóstico do estado actual da Universidade española;

- Profesores asociados: acaba de saír un Decreto que permite a prórroga dos actuais contratos;
- Estatuto da Función Pública:
 - Clasificación dos titulados españoles; quedan recollidos todos no Grupo I: tódolos titulados universitarios distinguindo tres tipos: Diplomados, Licenciados e Doutores;
- Reforma Título V: a CRUE manifesta a súa desvinculación do proxecto;

c) o financiamento por parte da Consellería de Cultura de congresos ou actividades que teñan lugar no ano 1999 nas Universidades galegas, con motivo do Xacobeo 99. As axudas concederanse ben pola temática do congreso ou polas actividades que se leven a cabo no mesmo;

d) estase á espera do informe xurídico (segundo o acordado na anterior Xunta de Goberno), sobre a reforma do Regulamento de réxime interno, o que motivou a suspensión do punto 5º da orde do día desta Xunta;

e) o Equipo de goberno está facendo unha programación das futuras direccións de área, que se presentará nunha vindeira Xunta de Goberno; infórmase que provisionalmente foron nomeados como Director da ORI, o profesor Anselmo Seoane-Pampín Montenegro, como Director da Oficina I+D, Profesor Xoán Leiceaga Baltar, e dous adxuntos para o Vicerrectorado de Extensión Universitaria;

f) a entrevista en Madrid co Director Xeral da Prestación Social Substitutoria; e

g) responde ás preguntas da anterior Xunta de Goberno.

No **punto 3**, o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo informa sobre o estado do tema o que se fai referencia neste punto e indica que ten que pasa-la aprobación da Xunta de Goberno e do Consello Social.

O Consello Social xa deu o seu visto e praxe, condicionado a súa aprobación pola Xunta de Goberno.

Despois de responder a preguntas de membros da Xunta de Goberno, sobre o convenio asinado en 1997 entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda, o Instituto Galego da Vivenda e Solo, o Concello de Ourense e a nosa Universidade, apróbase autorizar ó Rector para a cesión de terreos da ampliación do Campus de Ourense ó Concello de Ourense para a "construcción de pistas polideportivas" e ó Instituto Galego de Vivenda e Solo para a "construcción dun auditorio e aloxamentos para a comunicade universitaria".

No **punto 4**, Modificación da partida orzamentaria, o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo indica que esta modificación orzamentaria quedara pendente da anterior Xunta de Goberno.

O Srs. Álvarez Moreira, Janeiro Vilaboa e Gugliotta Bastos piden aclaración a esta modificación.

O Sr. Xerente, D. Julio Taboada Pérez responde as súas preguntas.

Procédese á votación deste punto, co seguinte resultado:

-a favor: 43 votos
 -en contra: 0
 -abstencións: 2

O Profesor Pérez-Martínez y Pérez-Amor pide que conste en acta a súa abstención en coherencia co manifestado na anterior Xunta de Goberno.

Apróbase a modificación da partida orzamentaria relacionada coa convocatoria de axudas para a participación no equipo de baloncesto.

O **punto 5**, retirouse tal e como informou o Sr. Rector.

O **punto 6** retírase despois de varios intervencións de membros da Xunta de Goberno, pedindo que se teña en conta o indicado no Regulamento de 3º Ciclo sobre a elección da Comisión de Doutoramento.

No **punto 7**, o Decano da Facultade de Humanidades de Vigo, Prof. Candelas Colodrón explica a proposta.

O Sr. Janeiro Vilaboa di que entende que a proposta é restrictiva.

O Profesor Costas González indica que parece un número razoable, tendo en conta o traslado de Pontevedra a Vigo da titulación.

Apróbase por asentimento.

No **punto 8**, o Vicerrector de Organización Académica, D. Antón Fernández Álvarez, presenta o tema; trátase de propostas de cursos solicitados anteriormente que non pasaran pola COAV e que estaban pendentes de aprobación de taxas no Consello Social.

Despois de varias intervencións de membros da Xunta de Goberno, o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo, solicita que se faculte ó Vicerrector de Organización Académica para que corrixa os erros técnicos que poida haber e que poidan comeza-los cursos, e que no futuro faga unha proposta dos másters e cursos, pasada pola COAV, precedida dunha reforma do Regulamento de Cursos.

Faise unha votacións sobre os mesmos:

-Curso Superior de Loxística:

-a favor: 27 votos
 -en contra: 3 votos
 -abstencións: 14

apróbase o curso.

-Curso Superior de Dereito da Empresa:

-a favor: 28 votos
 -en contra: 1 votos

-abstencións: 18

apróbase o curso.

-Máster en Coidados da Saúde en Servicios Especiais:

-a favor: 23 votos

-en contra: 5 votos

-abstencións: 19

apróbase o curso.

-Máster en Valoración do Dano Corporal e Discapacidades:

-a favor: 22 votos

-en contra: 5 votos

-abstencións: 20

apróbase o curso.

No **punto 9**, Rogos e preguntas, preséntanse varios.

-D. JOSÉ ÁNGEL ÁLVAREZ MOREIRA.- Pregunta que pasou cos alumnos da 1ª edición do curso de Dereito da Empresa.-

-D. JUAN JANEIRO VILABOA.-

1) Pregunta quen é o Director da Residencia Celso Emilio Ferreiro (*contéstalle o Vicerrector de Extensión Universitaria, D. Xosé Manuel Cid Fernández que está pendente a estrutura das áreas dos Vicerrectorados; mentres, asume a Dirección el mesmo*);

2) Pregunta que pasa con D. Marcos Cid, ¿está admitido na Residencia de Ourense? (*contéstalle o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo que está admitido*);

3) Pregunta por que nalgún momento non estaba admitido.

-D. XOSÉ HENRIQUE COSTAS GONZÁLEZ.- Reitera que nos impresos oficiais da convocatoria se escriba "rúa da Cidade do Porto".

-D. PEDRO A. ARAUJO NESPHEREIRA.-

1) Pregunta se a Universidade financia convocatorias ou actividades deportivas non oficiais

2) Pregunta se o alumno Marcos Cid foi advertido da posibilidade de apertura de expediente (*o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo di que tivo conversas co alumno, explicándolle a súa situación*)

-D. FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ BERROCAL.- Presenta un escrito no que di que "roga ó Sr. Rector que non adopte por resolución rectoral decisións que non son da súa competencia, senón que competen a outros órganos colexiados, como a Xunta de Goberno. Este rogo non se fundamenta na decisión tomada, que comparto e que defendín, senón na necesidade de evita-la inseguridade xurídica que xera o que o Rector poida tomar decisión que son competencia de órganos colexiados".

-D. JUAN C. SURÍS REGUEIRO.- Pregunta mentres non sexa asinado o novo convenio da Prestación Social Substitutoria, ¿serán recoñecidas as horas de servizo prestado? (O Rector, D. Domingo Docampo Amoedo responde que si).

-D. EUSEBIO CORBACHO ROSAS.- Fai os seguintes rogos:

1) que a convocatoria por e-mail das Xuntas de Goberno, sexa o máis axiña; e

2) que os Departamentos reciban o estado final das áreas de coñecemento.

-D. ALEJANDRO V. GÓMEZ SOLER.-

- 1) Pide que se remitan tódolos regulamentos ós membros da Xunta de Goberno;
- 2) Que pasa cos puntos pendentes da Normativa de traslados e acceso ós 2º ciclos (*o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo responde que na anterior Xunta de Goberno acordouse que se tomará unha proposta antes de fin de ano*); e
- 3) Pregunta que pasa coas actividades culturais pendentes (*o Vicerrector de Extensión Universitaria, D. Xosé Manuel Cid Fernández responde que están pendentes da Comisión de Extensión Universitaria*).

-D. FRANCESCO SAVERIO GUGLIOTA BASTOS.-

- 1) Pregunta se pode facerse un informe sobre a dirección de Forestais de Pontevedra (*o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo responde que se interesará polo tema*);
- 2) Pregunta se asinará a Universidade un convenio sobre transporte e deportes co Concello e a Deputación de Pontevedra (*responde o Rector, D. Domingo Docampo Amoedo que si e que está pendente de formular unha proposta*);
- 3) Pregunta se será suficiente o futuro Pavillón de Deportes de Maxisterio; e
- 4) Pregunta que uso ten a tarxeta de estudante (*responderáselle na seguinte Xunta de Goberno*).

-D. ANDRÉS MAZAIRO CASTRO.-

- 1) Pregunta se pode trasladarse ó seu Centro a información da CRUE sobre as diplomaturas e o Estatuto da Función Pública (*respóndelle o Sr. Rector, D. Domingo Docampo Amoedo que si*).

-D. ENRIQUE BARREIRO ALONSO.-

- 1) Pregunta polo servizo de cafetería e comedor no Campus de Ourense (*responderáselle na seguinte Xunta de Goberno*).
- 2) Pregunta pola empresa fotocopiadora de Ourense, se vai deixa-la concesión e se se vai saca-lo concurso (*o Xerente, D. Julio Taboada Pérez di que sábese das deficiencias pero a información está sen concretar*);
- 3) Pide que o servizo de mantemento da web faga actualización dos nº de teléfono da Universidade;
- 4) Pregunta pola iluminación no Campus de Ourense, se están ben instaladas as farolas; e
- 5) Sobre os servizos Informáticos, roga se pense en actualiza-lo software cara ó ano 2000.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12.00 h. do día 24 de setembro de 1998 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e praxe do Rector.

O Rector,

A Secretaria Xeral,

Domingo Docampo Amoedo

Margarita Estévez Toranzo